

SANTIAGO CONTRA AS SERPES, A RAÍÑA LOBA E SAN ANDRÉS

M. Mandianes Castro

C.S.I.C. Barcelona

Cóntase que Carlomagno, emperador dos francos tivo un soño¹; viu no ceo un camiño de estrelas que comezaba en Frisia, seguía por Alemaña, Italia, A Galia, Aquitania, Gasconia, Navarra, e por España, ata chegar a Galicia onde estaba acochado o corpo de Santiago Apóstolo. «Carlos viu esto muchas noites; absorto en este sueño, se le apareció un caballero hermoso cómo no podía ser más, y le dijo: Hijo mío, ¿qué haces? Y el respondió: ¿Quién eres tu? Y él dijo: Yo soy el Apóstol Santiago, criado de Jesucristo e hijo del Cebedeo, y hermano de San Juan Evangelista, al que Dios, en su gran misericordia, escogió sobre el mar de Galilea para enviarlo a predicar su fe a los pueblos y al que Herodes mandó degollar en Jerusalén y cuyo cuerpo, ahora, yace soterrado en Galicia la cual está en poder de los moros fuera del servicio de Dios. Me maravilla que tu, habiendo libertado tantas y tantas ciudades del poder de los moros, no hayas liberado la mía. Te hago saber que así como Dios te hizo más poderoso que todos los reyes de la tierra, así también te designa para liberar mi ciudad y el camino que lleva hasta ella del poder de los moros lo que te ceñirá una corona de gloria perdurable. El camino de estrellas que viste en el cielo es señal de que debes ir con gran poder y liberar mi camino y mi tierra y visitar y entrar en aquel lugar que está en Galicia en donde yace mi cuerpo». Cando fagas todo isto irá alí toda a cristiandade en peregrinación darlle gracias a Deus e busca-lo perdón dos pecados e verá as marabillas feitas por Deus. «Y esto se hará desde los días de tu vida hasta el fin del mundo. Y ahora, vete cuanto antes te sea posible que yo te ayudaré en todo; por esta hazaña, alcanzarás de Dios la gloria del Paraíso»².

I.- SANTIAGO CONTRA...

Para predica-lo Evanxeo en Galicia tivo que vencer unha serie de resistencias que son soportes simbólicos da cultura autóctona que loita por perdurar fronte ó que viña de fóra.

¹ A tradición dos soños na vida dos santos comeza co soño de Xacobe, *Xénese*, 28, 10-22. Sobre a importancia dos soños e as visións no establecemento do culto ós santos, cfr. H. Leclercq, *Saint, Dic. d'Arch. chr. et de Liturgie*, XV, 1 p., col. 428 - 432.

² *Miragres de Santiago*, (Ed. e estudio crítico de J. L. Pensado. C.S.I.C., Madrid, 1958) p. 71 -73.

1. As serpes e a raíña Loba contra Santiago

Unha lenda di que as serpes³ tentaron impedi-la entrada do corpo de Santiago en Galicia cando o traían os discípulos. Outra di que as serpes se opuxeron á entrada de Santiago cando viña predica-lo Evanxeo a Galicia. Unha terceira di que cando os discípulos chegaron co corpo do Apóstolo á costa entraron no palacio da raíña Lupa e que lle pediron que lles deixara depositalo alí. Mandounos falar co sacerdote da *Ara Solis* ou co gobernador de Duio ou Dumio, Filotro e este mandounos prender; pola noite viñeron uns anxos e soltáronos. Daquela saíron perseguilos. Na persecución os cristiáns tiveron que atravesar a ponte de Ons que, tralo seu paso, se derrubou, librándoos da ameaza dos perseguidores⁴. A raíña ó ver estes prodixios puxo á súa disposición uns bois bravos que viñeron mansamente ó xugo, ante o asombro dos servos do palacio. A lenda da raíña Loba que vive nun *penedo* localízase en varios lugares e exerce a función de intermediaria coma a serpe, e nalgúns lugares de Europa é unha serpe. Santiago instalou a súa capela no mesmo lugar no que vivía ela⁵. En Irlanda serpes ou outros monstros, segundo diversas versións, tamén se opuxeron á entrada de San Patricio que viña predica-lo Evanxeo. Desde entón Irlanda é un país sen serpes nin bestas nocivas en contraposición coa veciña Escocia que está ateigada⁶. O mesmo lle aconteceu a San Peregrino nunha rexión de Francia⁷, e a San Domingo de Foligno, en Cocullo (Italia)⁸. O deus Apolo tivo que expulsa-la serpe Pitón que se foi refuxiar ó mar Galaxia cando se quixo apropiarse do *amphalos*, o embigo do mundo en Delfos.

³ Ruf Fest Avié, *Pereple (Ora Marítima)*, (Fundació Bernat Metge, Barcelona, 1986), versos 79 - 82; F. López Cuevillas e F. Bouza Brey, «A Ofiolatría na Galiza»; en *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, II (1929), pp. 119 - 164.

⁴ Isto fai pensar no paso do Mar Vermello; cfr. *Éxodo*, 14, pp. 15 - 31.

⁵ Diego Rodríguez de Almela, *Compilación de los milagros de Santiago*, (Murcia, C.S.I.C., 1946), pp. 12 - 14; B. Vicetto, *Historia de Galicia II*, (Ferrol, 1866), pp. 103 - 104; L. Carré Alvarellos, *Las leyendas tradicionales gallegas* (Espasa Calpe, Madrid, 1977), pp. 78 - 80. M. del Mar Llinares, *Mouros, ánimas, demonios* (Madrid, Akal, 1990), pp. 63 - 73, 165 - 167.

⁶
«Ínsula serpentem nullum iam continet stat,
Quam patriam scotti certe cernuntur habere:
Sed certe moritur mox sin aliunde fereatur.
Nec ranas nullasque feras de more nocentes
Vulpibus atque lupis exceptis gignit alitur»

Cfr. *The writings of bishop Patrick, 1074 - 1084* (Scriptores latini Hiberniae. Edited by AS. Gwynn. Inst. for Advanced Studies, Berlín, 1955), pp. 66 - 68; *Four Latin Lives of St. Patrick. Congan's Vita Secunda, Quarta, tertia and Quinta* (Scriptores Latini Hiberniae, vol. VIII. Edited by L. Bieler. Inst. for Advanced Studies, Berlín, 1971), pp. 49; Milagre XXIII; H.G.M. Murray, "Moeurs et superstitions comparées des Indes et de l'Europe", *Rev. des Traditions Populaires* III (1888), pp. 482 - 83.

⁷ D Glück, «Le Saint et le serpent. Légende de Pélerin d'Auxerre en Puisaye» (Conferencia. Simposio Internacional de Antropoloxía in Memoriam. Fermín Bouza Brey. Santiago de Compostela, 10 ó 12 de Setembro do 1992).

⁸ A. M. di Nola, *Gli aspetti magico-religiosi di una cultura subalterna italiana*, (Bpringhieri, Torino, 1976), pp. 31 - 81.

A festa de San Patricio, que liberou Irlanda da tiranía da serpe, celébrase o 17 de marzo; o 25 é San Marcos, santo que domina os espíritos do aire, os nuboeiros e os tonantes, e o 29 celébrase San Pedro Mártir, vencedor dos malos espíritos curando os endemoñados; celébrase en Santiago de Compostela e aínda tamén en Ribadavia. A festa de San Peregrino e a de Santo Domingo de Foligno celébrase o 1 de maio. Nos primeiros días do mes de maio, os habitantes de Cocullo saen cazar serpes, cóllenas vivas e rodean a imaxe do santo padrón. Unha vez rematada a procesión céibanas. En Polonia, o 25 de marzo, tocan as campás e as serpes saen polas portas que abre María. En Hungría crese que saen en torno á fiestra de San Xurxo, vencedor do dragón, o 23 de abril⁹. Nalgunha parte de Bulgaria, polas mesmas datas, a xente sae ó bosque para asistir á saída da serpe¹⁰. Na procesión de Corpus Christi saen representacións de serpes e a *coca*, que é un dragón¹¹. Á fin do verán San Miguel, o 29 de setembro, cristianización de Gargantúa¹². En Cataluña, Santiago é considerado avogado contra o diaño, ó que escorrenta co seu bordón. Antes, os endemoñados acudían á súa igrexa e as paridas encomendábanse a el para que as protexese contra o mal do leite. A festa de Santiago debería, loxicamente, celebrarse arredor dos últimos de abril-primeiros de maio. Logo ¿Por que se celebra o 25 de xullo?

Parece ser que comezou celebrándose o 30 de decembro en Asturias, onde se sitúan os primeiros vestixios da devoción ó Apóstolo en territorio español; a única razón aparente de celebralo este día é que o 29 se celebra a de Santiago o Menor¹³. Parece ser que a celebración de Santiago o 25 de xullo é relativamente serodia e por influencia de fóra de España¹⁴. Antes en Cataluña celebrábase ese día, e aínda segue a celebrarse San Cucufate. O 25 de xullo, por confusión, a parroquia de Sacobade, etimoloxicamente San Cucufate, celebra Santiago¹⁵. San Cucufate chegou en barco ó vello porto de Barcelona. Coma Santiago, San Cucufate predicou subido a unha pedra, que aínda hoxe se conserva na igrexa de Barcelona, que leva o seu nome, e reuniu os fregueses na praza de San Jaume (¿ou San Cucufate?). En Lleida, no camiño de Santiago, existe a pedra dos romeiros, na que sentou o Apóstolo para quita-la espiña que

⁹ J. Voragine, op. cit., I, pp. 296 - 301; J. Amades, *Costumari catalá*, op. cit., III, pp. 285 - 307.

¹⁰ Información do profesor M. Piotrowski da universidade de Lodz para Polonia, da profesora K. Verebelyi da universidade de Budapest para Hungría e da profesora I. Gueorguieva da universidade de Sofía para Bulgaria. *Identités en Europe, identité de l'Europe sources et méthodes*, Montpellier, do 20 ó 23 - 10 - 92.

¹¹ V. Risco, «Etnografía», en R. Otero Pedrayo, *Historia de Galicia*, I, (Buenos Aires, Nós, 1962), pp. 662 - 672; B. Barreiro W., «El Corpus Christi en Compostela y la fábula de los Churruchaos», en *Galicia Diplomática*, III, (1888), pp. 161-163.

¹² H. Dontenville, *Mythologie française*, (Payot, París, 1973), pp. 77 - 98, e *Histoire et géographie mytiques de la France*, (Maisonneuve et Larose, París, 1973), pp. 122 - 136.

¹³ Frei J. Pérez de Urbel, *Santiago de Compostela en la historia*, op. cit., pp. 127 - 128.

¹⁴ Influencia debida ó martiroloxio xeronimitano, ó de San Beda e ó *vetus Romanum*. cfr. Frei J. Pérez de Urbel, *Santiago de Compostela en la historia*, op. cit., pp. 109 - 110.

¹⁵ X. Chao, *Camiñando a Santiago*, op. cit., p. 22.

cravara no pé cando, desde Barcelona, se dirixía a Compostela. Como era de noite non vía, daquela, acompañada por unha lexión de anxos, veu a Virxe e alumeoulle; segundo outra versión ela mesma foi a que lle quitou a espiña.

Despois de moitos intentos de martirizalo con lume, de arrincarlle os intestinos, acabáronlle cortando a cabeza coma a Santiago de un só golpe. «Uno de los mártires hispánicos a los que se rinde culto en Barcelona, San Cucufate del Rech, tuvo una capilla dedicada a él situada cerca de San Pedro de las Puellas y de Santa María del Mar, en la vía romana inmediata a la acequia condal, fundada en 1023 por el canónigo barcelonés Guilabert, más tarde obispo, y pasó a la canónica dos años después, en 1025. El lugar se llamaba ya entonces 'camino de San Cucufate', porque según la tradición allí comenzó el martirio del santo. La iglesia recibió el nombre de San Cucufate del Camí»¹⁶. O primeiro autor que cita a San Cucufate é Prudencio¹⁷; logo a *Pasión de Común* de principios do VI e o *Oracional de Tarragona* de finais do VII. Tódolos textos que falan del dependen da Paixón¹⁸.

Diego Xelmírez, xa bispo de Compostela e San Giraldo, bispo de Braga, rouboulle a este tódalas reliquias de cinco, seis ou dez das súas igrexas nunha época en que todos estes obxectos eran o máis estimado e o de maior gloria. Parece ser que o roubo foi con premeditación, aleivosía e nocturnidade. Mentres Diego Xelmírez entretaña o santo bispo de Braga, os seus cabaleiros espoliaban as igrexas daquela diócese. Entre as reliquias estaban as de San Silvestre, San Fructuoso, Santa Susana e San Cucufate. Depositounas en Compostela con todo esplendor, pechándoas en valiosísimos relicarios e mesmo reconstruíndo un templo para gardar dignamente as da virxe Santa Susana¹⁹. San Cucufate é, en todo caso, un santo forasteiro «que arribó a nuestras costas procedente de las florecientes iglesias norteafricanas, tradición muy verosímil hasta el punto de que podría aún hoy apoyarse, habida cuenta de que ya el solo nombre de Cucufate tiene visos de ser un nombre de origen púnico». Parece ser que morfoloxicamente o nome de Cucufate coincide coas raíces semíticas cucàb, coqueba, cúcuba (=estrela), posible raíz do nome latino Cucufas, tendo en conta a africación, ou aspiración, do b intervocálico en «v» ou en «f»²⁰.

2. Santiago versus San Andrés.

A Vía Láctea ou Camiño de San Andrés é a serpe celeste, camiño de mortos. A non ser que alguén as mate violentamente, as serpes en Galicia non morren. «Puede

¹⁶ E. Sáez, *Advocaciones religiosas en la Barcelona Altomedieval* (Siglos IX - XII), (C.S.I.C., Barcelona, 1976), p. 20.

¹⁷ Prudencio, *Peristéfanon*, IV, 33.

¹⁸ A. Fábrega Grau, *Pasionario Hispánico*, (C.S.I.C.), Madrid - Barcelona, 1953, pp. 137-143.

¹⁹ *Historia Compostelana o de los Hechos de D. Diego Gelmírez primer arzobispo de Santiago* (Trad. do latín ó castelán de R. P. Fr. Manuel Suárez. Con notas aclaratorias e int. do R.P. Fr. José Campelo. Porto, Santiago, 1950), Lib. I, cap. 15, pp. 45 - 50.

²⁰ A. Fábrega Grau, op. cit., p. 140.

que algún sabio explique un día por qué todas las grandes migraciones han seguido siempre la ruta que el sol marca de día y las estrellas del Camino en la noche. La ruta del Gran Océano, fuente de todos los pavores antiguos, frontera invulnerable y última»²¹. No folclore galego e mailo portugués a relación da Vía Láctea co outro camiño é evidente; pero resulta difícil coñecer con exactitude a orixe destas crenzas porque o cristianismo e diferentes crenzas indíxenas coexistiron durante moitos séculos. Os galegos cren que, cando as almas van cara ó Paraíso, se guían polo «Camino de Santiago» (Vía Láctea) e que antes de entraren no ceo teñen que desviarse para visita-la tomba do Apóstolo. Nalgún lugar de Galicia dise que a función da Vía Láctea que se detén sobre o Santuario, é ilumina-lo camiño de San Andrés para que os peregrinos poidan chegar facilmente. Para os galegos o camiño do Paraíso é o Camino de San Andrés e para o resto do mundo, incluído Portugal, o Camino de Santiago. Segundo os portugueses as almas, que para os galegos camiñan a San Andrés, camiñarían a Santiago seguindo a Galaxia acompañadas pola Virxe Peregrina²². Os romanos crían que a Vía Láctea conducía ó palacio de Xúpiter²³.

San Andrés, irmán de Pedro, foi chamado por Xesús a exercer-lo apostolado²⁴, e despois de predica-lo Evanxeo sufriu o martirio²⁵. «A España llegó parté del cuerpo de San Andrés. En el año 1270, de peregrinación a Santiago de Compostela, un obispo portaba una reliquia de San Andrés, pero al llegar a la ciudad de Estella (Navarra) enfermó gravemente muriéndose en el Hospital de San Nicolás; desde entonces se venera en Estella el tesoro que traía aquel obispo peregrino. Igualmente el Santuario de Teixido (Galicia) está dedicado al Apóstol San Andrés, y desde el siglo XVI se venera en este Santuario una reliquia que se dice ser auténtica del Apóstol Andrés. No sabemos cuando, ni cómo, ni por qué llegó a este lugar... sería porque su intención era llegar a Santiago?»²⁶. Conta unha tradición que cando Noso Señor andaba polo mundo na compañía de San Pedro aparecéuselle San Andrés e queixóuselle por estar tan só naqueles lugares abruptos e solitarios, e de que tanta xente visitase Santiago; daquela o Señor prometeulle a San Andrés que a súa *romaxe* había ser das de máis sona do mundo²⁷.

²¹ B. Losada, *O Camino de Santiago*, Ir Indo, Vigo, 1993, p. 8.

²² F. Alonso Romero, *Santo de barcos de pedra*, op. cit., p. 123; A. Castro, *España en su historia*, op. cit., p. 151; A. Fraguas Fraguas, «Preocupación polo tempo e os astros na creencia popular», *Boletín Auriense*, V, 1975, pp. 257 - 270; X. Filgueira Valverde, «Viaxe das almas a Compostela», *Diario 16 de Galicia*, 23 - 07 - 92, p. 2.

²³ Ovidio, *Metamorfosis*, I, p. 69.

²⁴ Mt. 10, 2; Mc. 3, 18; Lc. 6, 14.

²⁵ J. Voragine, *la Leyenda dorada*, I, op. cit., pp. 29 - 37.

²⁶ Un folleto que di na portada: *Imagen relicario del Apóstol S. Andrés, venerada en Teixido* (sen lugar nin data de edición), p. 7; Sobre San Andrés de Teixido, cfr. F. Maciñeira, *San Andrés de Teixido. Historia, leyendas y tradiciones*, Roel, A Coruña s/d, e «Las romaxes de San Andrés de Teixido», en *Arxivi de Tradicions populares*, fasc. IV, (s.a.), pp. 241 - 247; «San Andrés de Teixido», en *Galicia Diplomática*, II, 1883, p. 185.

²⁷ M. Murguía, «Leyendas y tradiciones de Galicia», en *La Temporada*, Mondariz, 8 de xullo de 1915; F. Alonso Romero, *Santos e barcos de pedra*, op. cit., pp. 109 - 147.

Os autores ven certa rivalidade entre as romarías de San Andrés e as de Santiago; a deste sería a dos cabaleiros e aquela a do pobo²⁸. Santiago é a invasión do alleo sobre Galicia; San Andrés é a tradición. Santiago representa o oficial e a ortodoxia e San Andrés o que sobrevive ás agachadas e a superstición. Talvez isto explica a pouca devoción que os galegos lle teñen a Santiago e a moita que senten, nalgúns zonas, por San Andrés. As terras de San Andrés de Teixido foron as últimas en converterse ó cristianismo; sería pois un bastión do paganismo en terras de Galicia. O santuario de San Andrés de Teixido talvez sexa unha de tantas reminiscencias da mitoloxía, profundamente naturalista dos nosos devanceiros, os celtas, que a igrexa católica, alá nos primeiros séculos da nosa era, co seu hábil e inspirado sistema de atracción soubo, sabiamente, cristianizar. «Galicia, al igual que la Armórica, ha sustituido los credos sin alterar los cultos y así, en una y otra parte, puede sospecharse que estos lugares donde la tradición viste sus galas más originales traen su origen remoto, precristiano con el que se enlazan en el caso concreto que nos mueve»²⁹. «Esta sumisión... de la tradición ibérica a cánones ajenos se debió más que nada al prestigio de los monasterios con que los monjes cluniacenses iban cubriendo la Península desde los días de Sancho el Mayor. Eran monasterios en ascendente fructificar y cada día de más palpable rendimiento. De esta acreditada influencia participó el hecho de que pronto... varias sedes episcopales fueron ocupadas por ellos, incluso en muchos casos, por franceses de nacimiento, y su comportamiento aquí, fue de clara competencia y sensato españolismo. Alfonso VI no perdía ocasión de preciarse como fiel devoto de Cluny y se gloriaba de su amistad con el extraordinario abad Hugo»³⁰. Non é que os prelados hispánicos fosen peores senón que se trataba de implantar dunha vez o espírito de Cluni (Roma) deixando a un lado o isidoriano (visigótico) ou indíxena.

II.- SANTIAGO, ESTRATEGO.

A Santiago custoulle entrar en Galicia porque tivo que vence-las serpes; unha vez dentro, escolleu medios autóctonos: o centro do mundo e o cabalo para facerse aceptar.

I.- O centro do mundo.

Para os galegos o mundo ten un centro con diferentes manifestacións. Unha destas manifestacións son os santuarios dos que unha boa parte está nalgún monte.

²⁸ V. Risco, op. cit., *Cultura espiritual*, en R. Otero, *Historia de Galicia I*, Nós, Buenos Aires, 1962, p. 404.

²⁹ F. Bouza Brey, *Etnografía...*, op. cit., p. 218; R. Otero Pedrayo, *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, Galaxia, Vigo, 1982, p. 8.

³⁰ Adro Xavier, *Diego Gelmírez*, EM, Barcelona, 1978, pp. 58 - 59.

Moitos autores falan do culto dos antigos habitantes de Galicia ós montes e destacan a grande importancia das montañas na cultura galega, ata dicir que os galegos lles atribuían algún culto³¹. Aínda no século XI se prohibe celebrar misas nos montes e ir en procesión³². O movemento priscilianista aconselláballes ás mulleres o retiro no campo e nas montañas³³.

«La noción de equilibrio y de armonía del país —y por lo tanto del mundo— se expresa geográficamente por la reunión de caracteres sagrados en un territorio central, y temporalmente, por un momento histórico y mítico o un soberano ideal concentra en él mismo irradiando la perfección de un gobierno generosamente benéfico». A noción relixiosa de centro non está sometida á estreiteza material da historia e da xeografía. Pola noción de centro chégase á noción de santuario, un lugar cargado de potencialidades e de sentido sacro, un centro de perfección. «El lugar en si mismo tenía más importancia que las construcciones, provisorias o definitivas, que aquí se hacían eventualmente. No hay templos celtas en el sentido latino de templo». Isto non quere dicir que a influencia clásica non dera como resultado a construción de templos de pedra ou de madeira, mesmo antes da conquista romana. Ós celtas acusábanos de te-los santuarios no profundo das fragas e ós druídas de ensinaren nas fragas porque eran sinónimos e equivalentes dos templos³⁴.

¿En que consistía a cripta na que o Papa León III di que os discípulos de Santiago atoparon unha caixa con ferramentas coas que os canteiros adoitan construí-las casas e onde ergueron unha pequena construción abovedada e construíron un sepulcro de cantería? «En tiempos de Alfonso, llamado el Casto, un anacoreta llamado Pelayo, quien vivía no lejos del lugar en donde estaba enterrado el cuerpo del Apóstol, era conocido por haber recibido la primera revelación a través de un oráculo de los ángeles». Pelayo era o gardía da tumba e tivo, en soños, a revelación de que se trataba da de Santiago. Todo o mundo sabía que alí estaba soterrado, nun mausoleo en ruínas no medio do bosque³⁵. Talvez se trate do *omphalos*, lugar paradisíaco, camiño

³¹ Martín Dumiense, *De correctione rusticorum*, nº 1 e 7; F. López Cuevillas e Serpa Pinto, loc. cit., pp. 295 - 367, pp. 301 - 306.

³² M. Mandianes, «El centro del mundo para los gallegos», *Ethnica*, 18, I, 1982, pp. 111 - 124; F. López Cuevillas e Serpa Pinto, «Estudios sobre a idade do ferro no noroeste da Península», en *A. S. de S. G.*, VI, 1933, pp. 301 - 306. A relixión romana tamén tiña lugares especiais, cfr. G. Dumézil, *La religion romaine archaïque suivi d'un appendice sur la religion des étrusques*, Payot, París, 1966, pp. 335 - 349.

³³ Concilio de Zaragoza, C. 1, 2 e 4, en Mansi, III, p. 634.

³⁴ Lucano, *Pharsalia*, I, pp. 453 - 454; III, pp. 399 - 425; Mela, III, 2; César, *De bello galico*, VI, 30; Estrabón, *Geografía*, XII, 5, 1; F. Le Roux e C. Guyonvarc'h, *Les druides*, (Ouest France, Rennes, 1986), pp. 217, 228 - 229; C. Jullian, «Notes Gallo - Romanies», *Etudes Anciennes* 6, 1904, p. 261.

³⁵ Acta do 1077 asinada entre dúas autoridades de Compostela, o bispo Diego Peláez e Fagildo, abade do mosteiro de Antealtares que se eleva sobre o lugar no que Pelayo tiña a cela; J. Carro, op. cit., pp. 17 - 93; J. Chocheiras, *Santiago en Compostela*, op. cit., p. 147.

de ascensión, centro e síntese do mundo, que simboliza o ritmo e o equilibrio cósmicos. Os seus elementos son a auga, a árbore e a pedra³⁶.

2. O cabalo branco.

Santiago debuta en Coímbra no ano ¿1050? con Alfonso VI; é o protector do reino e dos pobos. Santiago gañou, con xustiza, o alcume de Matamouros ó se pór, en mil batallas, da súa parte para derrotalos montando un cabalo branco que, segundo algúns autores, sería o cabalo branco de Cástor, domador de cabalos, e Polux³⁷.

«Está comprobado que, en la Lusitania, cerca de la fortaleza de Olisipón y del río Rajo las yeguas, vueltas hacia el favonio que sopla, reciben el espíritu del aire y paren el más veloz que no pasará de tres años de vidas». Eran bravos e veloces e ata non hai moito había ben deles³⁸. Os pobos que teñen cabalos ceibos celebran os curros, auténticos ritos de paso e constitúen todo un cerimonial, fiel ás máis estrictas regras. Tratábase de auténticas probas para pasar de neno a mozo e de mozo a home verdadeiro³⁹. «Antiguamente, en muchas partes de Galicia, se guardaba un mechón del cabello del muerto y si era chica, la trenza. En otro tiempo, los gallegos lavaban a todos los muertos, a los hombres los afeitaban y a las mujeres les cortaban el cabello. En algún tiempo se pensaba que al lavarlos, les lavaban los pecados, y guardaban las barbas para hacer hechizos⁴⁰. A los niños pequeños no se les cortaban ni las uñas ni los cabellos porque podían dejar de crecer; los del otro mundo que protegen a los niños, se ocultan en las uñas y en los cabellos como en las basuras.»

Os celtas crían que o pelo traía e levaba os espíritos ó outro mundo. Un conto celta di que un mozo pobre apostou co rei a que lle faría as beiras á súa filla. O monarca riu. O mozo construíu un cabalo de madeira, meteuse dentro e andou paseando diante da filla do rei; antollóuselle o cabalo e o pai mercoullo. Ó pouco tempo a moza *enfermou* e o rei viuse na obriga de consenti-lo matrimonio dos rapaces. Outra lenda di que Gundamur chegou ó outro mundo perseguindo ó porco branco nun cabalo;

³⁶ O *omphalos* (embigo) do mundo para os gregos, procedente do templo de Apolo, que está no museo de Delfos, sería a serpe enrodelada no pelo do órgano sexual da muller (Conversacións con C. Gaignebet. Delfos, setembro do 1992); F. Le Roux, «Le celticum d'Ambigatus et l'Omphalos gaulois. La royauté suprême des Bituriges», *Celticum*, 1, pp. 159 - 184; G. Durand, *Les structures anthropologiques de l'imaginaire*, Dunod, París, 1984, pp. 280 - 285; M. Eliade, *Imágenes y símbolos*, Taurus, Madrid, 1955, pp. 29 - 100.

³⁷ Homero, *Odisea*, rapsodia XI, Orbis - Origen, Barcelona, 1982, p. 150; Cicerón, *De natura deorum*, III, 5; II, 6. Cfr. A. Castro, *España en su historia. Cristianos, moros y judíos*, Crítica, Madrid, 1984, pp. 104 - 110.

³⁸ Plinio, *Hist. Nat.*, VIII, 166; Grattio, , 513; Silio Itálico, XVI, pp. 333 - 335; B. Vicetto, *Historia de Galicia*, I, Taxonera, Ferrol, 1865, p. 56, nota 2.

³⁹ V. Lis Quiben, *A rapa das bestas de San Lorenzo de Sabucedo (romería)*, Imp. C. Peón, Pontevedra, S/A, pp. 33; M. Cabada, *A rapa das bestas de Sabucedo. Historia e Antropoloxía dunha tradición*, Ir Indo, 1992.

⁴⁰ *Synodicon Hispanum*, I, B.A.C., Madrid, 1981, Mond. 22 (1541), 8, p. 75.

algúns autores cren que é de orixe celta e que tivo un grande influxo na literatura medieval galega. Dalgunha maneira a *enfermidade* da rapaza é froito do comercio carnal co cabalo⁴¹. Os galos relacionaban o cabalo coa barca que transporta os mortos ó outro mundo e gravaban a súa imaxe en moitos túmulos funerarios e «en muchos casos se pueden ver como es un animal de muertos»⁴². Os gregos tamén crían algo semellante: o home que leva os mortos vén nun carro de cabalos. O cabalo é un animal psicopompa; é dicir, trae e leva as almas ó outro mundo⁴³.

No monte de San Marcos estaba, en tempos, a igrexa do corpo Santo; segundo a tradición uns peregrinos que saíron xuntos desde algún lugar de Francia xuraron axudarse pasase o que pasase, ó longo de todo o camiño. Un deles enfermou e, abandonárono todos ó pé dos Pirineos, excepto aquel que non lle prometera nada a ninguén que seguiu con el ata que morreu. Daquela aparecéuselle un cabaleiro e convidouno a subir nas ancas do cabalo e coloca-lo cadáver sobre o arzón. Naquel mesmo serán chegaron ó monte do Gozo e o peregrino foi a pé ata Santiago para cumprila promesa e pedirlle ós cóngos que lle desen cristiá sepultura ó morto, o Corpo Santo. De volta, o peregrino atopou en León os antigos compañeiros que aínda ían cara a Santiago e pregoulles, por recomendación do Cabaleiro (Santiago), que fixesen moita penitencia. Os galegos cren que o cabalo é mensaxeiro do outro mundo porque «cuando un caballo tropieza en una piedra del camino es señal de que una *ánima* necesitada nos pide que recemos por su eterno descanso»⁴⁴.

Un cabaleiro é conducido por unha princesa a un castelo onde pasa moito tempo como se non pasase nada, ó volver non coñece a ninguén nin ninguén o reconece⁴⁵. «¡Que visión más extraña la mía! ¡He tenido un sueño que ni el hombre más hábil podría narrarlo!... El ojo humano no ha oído nunca, ni su oído ha visto, ni su mano ha gustado, o su lengua concebido y su corazón repetido lo que era mi sueño»⁴⁶. Xa no século XX foi recreado por un escritor de Galicia. Os cubertos eran de prata e ouro, os manxares delicadísimos non fartaban nunca e ninguén tiña a sensación de estar cheo e anoxado de comer, unha banda de músicos moi hábiles no seu amenizaban todo a

⁴¹ J. Markale, *La tradition celtique*, op. cit., pp. 258 - 261.

⁴² J. de Vries, *La religion des celtes*, op. cit., pp. 188 - 189, 132 - 135; H. Dontenville, *Mythologie française*, op. cit., pp. 173 - 198.

⁴³ Eurípides, *Tragedias*, I, C.S.I.C., Madrid, 1982, p. 38; J. Markale, *La tradition celtique*, Payot, París, 1975, pp. 52 - 59; H. Dontenville, *Mythologie française*, Payot, París, 1973, pp. 173 - 198. «¿De Donde vienen los caballos de pies ligeros que traen la luz a los hombres?», Homero, *Odisea*, rapsodia XXXIII, Orbis - Origen, Barcelona, 1982, p. 311

⁴⁴ Cfr. H. Dontenville, *Mythologie française*, op. cit., pp. 173 - 198, e *Histoire et géographie mythiques de la France*, op. cit., pp. 137 - 164.

⁴⁵ J. Filgueira Valverde, *Tiempo y gozo en la narrativa medieval*, Xerais, Vigo, 1982; J. R. Resina, *LA búsqueda del Grial*, op. cit., pp. 64 - 92.

⁴⁶ W. Shakespeare, *Sueño de una noche de verano*, en *Teatro 2*, Nauta, Barcelona, 1988, pp. 204. gueira Valverde, *Tiempo y gozo en la narrativa medieval*, Xerais, Vigo, 1982; J. R. Resina, *LA búsqueda del Grial*, op. cit., pp. 64 - 92.

calquera hora, todo o mundo vestía traxes de moitas cores moi ben harmonizadas e en perfecto equilibrio. «Geraldo había estado en un lucero y sólo apreció su esplendidez cuando lo vio lejano y perdido»⁴⁷. Alí o gando non morre. Pero á porta da cova os compañeiros de Odiseo eran devorados por Escila mentres berraban⁴⁸. O SID é un mundo perfecto, onde tódalas almas son iguais; non hai ningunha clase de diferencias⁴⁹. No mundo celta as mulleres do outro mundo son os mensaxeiros de Deus, pero moitas veces amósanse coa aparencia dun paxaro. Os paxaros cantan unha música divina que é unha das manifestacións do outro mundo, os seus habitantes escápanlle á temporalidade porque son eternos e, polo tanto, tampouco están suxeitos ás limitacións do espacio. O castelo ou o palacio non está en ningures; só o atopan os que conseguen ceibarse do espacio e do tempo.

Santiago é a encarnación de Roldán e do Cid. Roldán é un dos personaxes que lle axudan ó rei Carlo Magno a liberar Santiago das mans do mouro; por outra parte, crese que é a man de Deus para loitar contra os mouros⁵⁰. Dise en Galicia que Roldán non morreu en Roncesvalles senón que escapou nunha barca e chegou ata a illa de Sálvora, fronte ás costas galegas, e que alí tivo relacións cunha serea. Destas relacións naceu Padín que, unha vez en terra firme, fundou a casa dos Padín⁵¹. «E ponedles los nombres de los santos e santas que están en el cielo, porque se les deis por abogados, e no Héctor ni Roldán ni otros que haveis acostumbrado a les poner»⁵².

As pisadas do cabalo de Roldán, a medida que se achega a Galicia, convértense nas do cabalo branco de Santiago. «He oído varias veces que sobre la cumbre de una montaña del territorio de Valdeorras hay un peñasco, el cual desde la cumbre de otra montaña puesta enfrente saltó a aquélla de un brinco, y de hecho llaman al sitio el Salto de Roldán. De suerte que estos imaginarios, rudos y groseros vestigios vienen a ser como sellos que autorizan en el estúpido vulgo sus más ridículas y quiméricas tradiciones». Na colexiata de Santa María del Manzano, en Castrojeriz chaman a atención tres ferraduras do cabalo de Santiago nos batentes das portas que deixou gravadas cando saltou desde o castelo ata este lugar. En Valbona de los Monges existe a

⁴⁷ W. Fernández Flórez, *El bosque animado*, Espasa - Calpe, Madrid, 1983, pp. 204 - 209.

⁴⁸ Homero, *Odisea*, rapsodia XII, op. cit., pp. 162 - 165.

⁴⁹ F. Le Roux e C. Guyonvarc'h, *Les druides*, op. cit., pp. 270 - 299; *La religion des celtes*, Payot, París, 1963, pp. 256 - 268.

⁵⁰ *Miragres de Santiago*, op. cit.; F. Bouza Brey, «Fortuna de las canciones de gesta y del héroe Roldán en el románico compostelano y en la tradición gallego», en *Etnografía*, I, op. cit., pp. 27 - 60; C. Flores, «Limiar» en *O cantar de Roldán*, (Clásicos en galego), Santiago, 1988, pp. 17 - 19.

⁵¹ *Miragres de Santiago*, op. cit. pp. 136 - 150; ; R. de Valle-Inclán, *Sonata de Otoño*, Espasa - Calpe, Madrid, 1985, p. 51; J. M. González Reboredo, *Leyendas gallegas de tradición oral*, Galaxia, Vigo, 1983, pp. 22- 24.

⁵² Cfr. H. Dontenville, *Mythologie française*, op. cit., pp. 173 - 198, e *Histoire et géographie mythiques de la France*, op. cit., pp. 137 - 164.

Roca de San Jaime, que resultou fendida ó medio por un salto do cabalo de Santiago que deixou gravadas as ferraduras⁵³. Nos bailes populares que se celebran tradicionalmente o día de Santiago nas aldeas de Cataluña, o cabalo de Santiago defendía os cataláns e atacaba os mouros⁵⁴. O feito de que Compostela estivese situada nun país onde a loita de Cristo contra Mahoma, a cruz contra a media lúa fora permanente, revestía a peregrinación ó Sepulcro do Apóstolo dun xeito especial de loita e misticismo⁵⁵.

CONCLUSIÓN

Santiago tivo que loitar coas serpes, coa raíña Loba e mais con San Andrés, símbolos da cultura autóctona, que se opuxeron a que entrara en Galicia para predicalo evanxeo. As serpes en Galicia son os monstros e o dragón contra o que loitaron San Miguel e San Xurxo. Unha vez vencidas as dificultades, Santiago vehiculiza a súa mensaxe a través de símbolos autóctonos tales coma o centro do mundo e o cabalo.

⁵³ Padre B. Feijoo, *Teatro crítico universal*, III, Espasa - Calpe, Madrid, 1975, p. 5; B. Vicetto, «El salto de Santiago», en *Narraciones gallegas*, II, (Colec. recollida de notables escritores rexionais. O norte de Galicia, Lugo, 1916, pp. 83 - 89; J. Ferrero Couselo, «Las herraduras», no libro *Los petroglifos de término*, Ourense, 1952, pp. 105 - 114; J. Amades, *Costumari català. El curs de l'any*, IV, Salvat, Barcelona, 1982, p. 606.

⁵⁴ J. Amades, op. cit., pp. 107 - 126.

⁵⁵ J. Chocheras, *Ensayo histórico sobre Santiago de Compostela*, op. cit., pp. 107 - 126.